

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA QUE CELEBROU O PLENO DA CORPORACION O DÍA 15/02/2016, EN PRIMEIRA CONVOCATORIA.

ASISTENTES

Concelleiros

Partido dos Socialistas Galicia-Partido Socialista Obrero Español (PSdeG - PSOE)

José Marcote Suárez
Soledad Vilela Romero
Alexandre Domínguez Lado
María Rocío Mariño López

Concelleiros

Partido Popular (PP)

José Manuel Traba Fernández
Daniel Juan Benlloch Rivas
Santiago Insua Esmorís-Recamán
María del Rocío Marcote Canosa

Bloque Nacionalista Galego (BNG)

Xan Carlos Sar Oliveira
Teresa Fernández Martínez

Converxencia Galega

Juan Agustín García Pouso

Secretario

José Ramón Lema Fuentes

ORDE DO DÍA

- 1º.- Ratificación do carácter ordinario da sesión.-
- 2º.- Aprobación, se procede, borrador Acta da sesión anterior.
- 3º.- Modificación Proxectos de Obras para inclusión dentro do Plan de Acción Social Excma Deputación Provincial PAS 2015.-
- 4º.- Aprobación, se procede, Proxecto Obra " Reforma infraestrutura no lugar de San Martiño de Arriba - Fisterra " a incluír Convenio Deputación Provincial.-
- 5º.- Plan Aforro e Investimentos Excma Deputación Provincial (PAI 2016).-
- 6º.- Aprobación, modificación Estatutos Mancomunidade Comarca de Fisterra.-
- 7º.- Mocións de Grupos Políticos.-
- 8º.- Resolucións ditadas pola Alcaldía para coñecemento.-
- 9º.- Rogos e Preguntas.-

Na Vila e Termo municipal de Fisterra, Partido Xudicial de Corcubión sendo ás 19:00 horas, do día 15/02/2016, reúnense no salón de sesións da casa do concello, os Srs. e Sras. que na marxe se expresan, coa finalidade de celebrar a sesión ordinaria do Pleno da Corporación, coa seguinte:

1º.- Ratificación do carácter ordinario da sesión.-

O Pleno por unanimidade dos asistentes, como consecuencia que a razón acreditativa do cambio de día da sesión o foi pola necesidade de enviar dentro do prazo unhas solicitudes de Obras que non estaban preparadas para o 5 de Febreiro de 2016, acordada ratificar o carácter ordinario da sesión.-

2º.- Aprobación, se procede, borrador Acta da sesión anterior.

Sometida a votación a do día 4 de Decembro de 2015 é aprobada por unanimidade dos asistentes.-

3º.- Modificación Proxectos de Obras para inclusión dentro do Plan de Acción Social Excma Deputación Provincial PAS 2015.-

Á vista do requirimento efectuado por parte da Excma Deputación Provincial, o Pleno por unanimidade dos asistentes acorda Modificar o acordo adoptado na sesión celebrada o día 4 de Decembro de 2015 quedando como segue:

1.- "Participar no **Plan de Acción Social (PAS) 2015** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da subvención asignada aos seguintes financiariamente sostibles, de acordo co financiamento que se especifica, aprobando os seus proxectos das obras ou pregos das subministracións:

A) Inversións financiariamente sostibles de carácter social :

Denominación	Diputación	Concello	Orzamento Total
Reforma Parque Infantil San Roque - Fisterra	64.836,26 €	0,00 €	64.836,26 €
Iluminación Pública Camiño a Insua	45.562,36 €	0,00 €	45.562,36 €
SUBTOTAL INVERSIONS DE CARACTER SOCIAL	110.398,62 €	0,00 €	110.398,62 €

B) Outros Inversións financiariamente sostibles :

Denominación da obra	Deputación	Concello	Orzamento Total
Saneamento e Pavimentación lugar de Castro - Fisterra	73.599,07 €	0,00 €	73.599,07 €
SUBTOTAL OUTROS INVERSIONS	73.599,07 €	0,00 €	73.599,07 €

C) RESUMO:

Denominación da obra	Deputación	Concello	Orzamento Total
SUBTOTAL INVERSIONS DE CARACTER SOCIAL	110.398,62 €	0,00 €	110.398,62 €
SUBTOTAL OUTROS INVERSIONS	73.599,07 €	0,00 €	73.599,07 €
TOTAL	183.997,69 €	0,00 €	183.997,69 €

2.- Declarar que o Concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste Concello da contratación e execución das obras incluídas no plan, que se entenderá aceptada se esta se produce efectivamente.

4.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento do investimento .-

5.- Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

6.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

4º.- Aprobación, se procede, Proxecto Obra " Reforma infraestrutura no lugar de San Martiño de Arriba - Fisterra " a incluír Convenio Deputación Provincial.-

Á vista da comunicación efectuada por parte da Excma Deputación Provincial número 28649 de data 21 de Decembro de 2015, o Pleno por unanimidade dos asistentes acorda :

1.- Aprobar o Proxecto da obra denominada “ Reforma de infraestruturas no lugar de San Martiño de Arriba “ cun presuposto de execución que ascende á cantidade de Corenta e oito mil euros (48.000,00 €) incluído o Imposto sobre o Valor Engadido, redactado polo Arquitecto Manuel Carro López que consta no expediente.-

2.- Solicitar da Excma Diputación Provincial unha subvencion polo importe de Trinta e oito mil catrocentos euros (38.400,00 €) para financiar a citada Obra.-

3.- Declarar que o Concello é titular e ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución das obras, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Compromiso firme desta Corporación para financiar a Aportación Municipal equivalente ó 20% do presuposto total de execución de obra con cargo ó ano 2016.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste Concello da contratación e execución da obra referida que se entenderá aceptada se esta se produce efectivamente.

6.- Declarar que o Concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento deste investimento a executar.

7.- Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o Concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente ao Sr. Alcalde para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

5º.- Plan Aforro e Investimentos Excma Diputación Provincial (PAI 2016).-

Á vista da circular remitida por parte da Excma Diputación Provincial sobre Bases reguladoras do Plan de Aforro e Investimento PA 2016 de data 30 de Decembro de 2015, o Pleno da Corporación por unanimidade dos asistentes acorda :

1.- “Participar no Plan de Aforro e Investimento (PAI) 2016 da Deputación Provincial, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación do préstamo provincial asignado á seguinte finalidade :

A) Redución de endebedamento

ENTIDADE FINANCIERA	NÚMERO/CÓDIGO PRESTAMO	PRESTAMO PROVINCIAL APLICADO Á MINORACION DA DÉBEDA
BANCO BILBAO VIZCAYA ARGENTARIA	(ICO) N 9546841619	119.793,65 €
	TOTAL	119.793,65 €

B) Resumo da aplicación do préstamo provincial :

SUBTOTALS	PRÉSTAMO PROVINCIAL
Subtotal reducción de endebedamento	119.793,65 €
TOTAL	119.793,65 €

2.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para a minoración da débeda .-

3.- Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que

se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

4.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

6º.- Aprobación, modificación Estatutos Mancomunidad Comarca de Fisterra.-

Dada conta do oficio procedente da Mancomunidad Comarca de Fisterra con Rexistro de Saída número 13 de data 9 de Decembro de 2015, e unha vez examinado, o Pleno da Corporación por unanimidade dos asistentes acorda:

1) RATIFICAR o acordo adoptado pola Xunta da Mancomunidad Comarca de Fisterra na sesión do día 3 de agosto de 2015 co seguinte contido :

" Crear o posto de Secretaría- Intervención da Mancomunidad “Comarca de Fisterra”, modificando en tal sentido o cadro de persoal desta (segundo redacción dada en sesión de 14/10/2015).

- Solicitar da Dirección Xeral da Administración Local a exención da obriga de manter o mencionado posto, de acordo co exposto na Memoria ao respecto, sendo a súa forma de cobertura a de persoal funcionario con habilitación nacional dos Concellos que integran a Mancomunidad.

- Iniciar procedemento para a modificación neste senso dos Estatutos da Mancomunidad, art 24 (primeiro párrafo): as funcións públicas necesarias serán desempeñadas por funcionarios con habilitación de carácter nacional da subescala que corresponda á categoría do posto, unha vez que a mesma sexa clasificada polo órgano competente da Comunidade Autónoma e cubrirase por algunha das fórmulas previstas na normativa vixente. Non obstante o anterior, a Mancomunidad poderá ser eximida pola Comunidade Autónoma de manter o posto de traballo de habilitación nacional propio cando o seu volume de servizos ou recursos non sexa suficiente para o mantemento de do devandito posto.

- Tendo en conta que desde o mes de febreiro de 2015 a Presidencia da Mancomunidad lle corresponde ao Concello de Muxía, e que segundo o art. 24 dos Estatutos a Secretaría e Intervención da Mancomunidad será desempeñado polo Secretario e Interventor do Concello da Presidencia, con carácter excepcional para este ano 2015 ditas funcións serán desenvolvidas (e de feito xa o son desde febreiro) pola Secretaria e pola Interventora do Concello de Muxía, que recibirán as retribucións que lles correspondan segundo o recollido no Orzamento da Mancomunidad, en concepto de gratificación.

2) Remitir certificación deste acordo a Mancomunidad para o seu coñecemento e demais efectos.-

7º.- Mocións de Grupos Políticos.-

A) MOCION GRUPO DE GOBERNO (PSdG-PSOE e BNG- ASEMBLEAS ABERTAS) PARA O CUMPRIMENTO REAL E EFECTIVO DA CARTA EUROPEA DAS LINGUAS REXIONAIS E MINORIZADAS.

(Rexistro de Entrada 330 de data 3/02/2016)

Dada conta do seu contido:

" O pasado 21 de xaneiro facíase público o 4º Informe da avaliación do cumprimento da Carta Europea das Linguas Rexionais e Minoritarias, elaborado polo Comité internacional de expertos. Ao tempo, e baseadas neste informe, facíanse públicas as recomendacións do Consello de Ministros do Consello de Europa do estado español.

Nestas recomendacións, o Comité de expertos e o Consello de Ministros sinalan os aspectos que cómpre corraxir para o cumprimento efectivo das garantías que o Estado español e a propia Xunta de Galiza se comprometeron a cumprir ao ratificar a Carta en 2001,

Este Concello manifesta o seu compromiso coa Carta Europea das Linguas Rexionais e Minorizadas, tratado internacional que garante os dereitos lingüísticos, nomeadamente en relación á lingua galega como lingua propia e oficial de Galiza e

INSTA á Xunta de Galiza a:

1. Cumprir con todas as recomendacións do Consello de Ministros e do Comité de Expertos do Consello de Europa, a esixir do Estado español a aplicación real dos seus compromisos en relación coa Carta, tal e como indica o Consello de Ministros.

2. Dar os pasos necesarios para cumprir co sinalado na liña 640 do informe que afirma que o decreto 79/2010 de plurilingüismo contradí o establecido na Carta, e o punto 5º da resolución do Consello de Ministros, onde sinala que a introdución dunha terceira lingua no ensino non pode afectar negativamente á propia.

3. Elaborar de maneira ampla e consensuada un novo decreto para o uso do galego no ensino, que atenda aos principios de normalización lingüística, e acorde co sinalado na Carta Europea.

4. Que mentres non se elabora o novo decreto, modifique o actual derogando os artigos que poñen límites ao uso do galego nas aulas, como as porcentaxes máximas de materias a impartir en galego nos centros e a prohibición de impartir na nosa lingua as materias científico-técnicas ou matemáticas.

5. Garantir unha oferta ampla de liñas de ensino infantil en galego en todas as vilas e cidades."

Seguidamente, o Pleno da Corporación por Sete votos a favor (4 PSdG- PSOE, 2 BNG e 1 Convergencia Galega) e Catro abstencións dos concelleiros do Grupo Popular, acorda prestarlle a súa aprobación en todo o seu contido.

B) MOCION GRUPO DE GOBERNO (PSdG-PSOE e BNG- ASEMBLEAS ABERTAS) SOBRE O ANTEPROXECTO DA LEI DE ACUICULTURA.

(Rexistro de Entrada 331 de data 3/02/2016)

Dada conta do seu contido:

“ O sector do mar representa o 4% da produción total da economía galega sendo un sector estratéxico na economía local xa que xera emprego directo como son mariscadoras, bateiros, mariñeiros e tamén emprego indirecto como depuradoras de moluscos, cocedeiros, conserveiras, centros de conxelación, estaleiros, carpinterías, cordelerías, etc.

O pasado 1 de outubro, o Consello da Xunta iniciou a tramitación do Anteproxecto da Lei de Acuicultura de Galiza, un anteproxecto que non nace do diálogo nin dun compromiso con todos os axentes e beneficiarios implicados. Este anteproxecto de Lei de Acuicultura contempla entre outros elementos:

- Un plan de ordenación da acuicultura litoral en terra, que establecece:

1. Que os propietarios de terras que se neguen a vender serán expropiados a favor das empresas de acuicultura.

2. O privilexio de eliminar a necesidade de informe previo de incidencia ambiental e a posibilidade de instalar plantas acuícolas en espazos naturais protexidos.

3. A imposibilidade de que os concellos poidan decidir sobre a implantación de ditas industrias por seren consideradas de incidencia supramunicipal.

- Un plan de ordenación de cultivos mariños, que establecerá para cada zona das rías as especies a cultivar e o tipo de gaiola/batea a utilizar.

Esta lei está deseñada para implantar a peixecultura intensiva a escala industrial e vai autorizar todo tipo de especies a cultivar, incluso as foráneas ou exóticas podendo acabar sendo invasoras do medio natural.

Este anteproxecto foi elaborado de costas á realidade e aos intereses das persoas que viven do mar de Galiza. Ningún sector do mar está conforme con dito anteproxecto porque entende que está deseñado para desmantelar os sectores produtivos primarios, e empobrece as comarcas costeiras.

Ante o retroceso produtivo das rías, o que precisan os sectores primarios son verdadeiras políticas estruturais que garantan:

- A calidade das augas do medio mariño.

- o afortalamiento do tecido produtivo e o potenciamento das actividades primarias incentivando a cooperación con liñas de apoio ao desenvolvemento colectivo.

- A recuperación da confianza dos consumidores e o fomento da demanda e polo tanto da oferta de produtos do mar de Galiza, sans e naturais.

- o incremento do valor engadido dos nosos produtos, para que a riqueza quede aquí e non vaia para fóra.

Ante esta grave situación, o Grupo de Goberno do Concello de Fisterra presenta ao pleno a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

Instar á Consellería do Mar a retirada do Anteproxecto de Lei de Acuicultura de Galiza e o Consello da Xunta de Galiza para que rexeite dito Anteproxecto de lei de Acuicultura.

INTERVENCIONS

Sr. Alcalde

Se ben a lei na actualidade está suspendida, o que queremos que se apoie con esta Moción é que se retire definitivamente o Anteproxecto.

Considero que a acuicultura de hoxe é suficiente e a que se pretende facer, ten que ser moi estudada.

Sr. García Pouso do Grupo Convergencia Galega

Votarei a favor, pero co recordatorio de que co tripartito da Xunta había un plan de acuicultura na Costa da Morte para encher de cetáceas nas zonas de protección.

De todos modos quero felicitar ao goberno actual de Fisterra por presentar esta Moción, dado que os novos tempos implicarán a regulación da acuicultura de acordo cos sectores primarios (existencia dun consenso).

Sr. Traba Fernández do Grupo Popular

Dicir que esta lei é para aplicar a normativa comunitaria, de todas formas nos absterémonos porque está suspendida.

Sr. Xan Carlos Sar Oliveira do grupo BNG

Votaremos a favor porque non estamos dacaordo con esta Lei, o mar é de todos, independentemente de que vaíamos ou non a el.

O día 27/02/2016 está prevista unha manifestación en Santiago de Compostela por este motivo a que acudiremos e que incluso, alcaldes do Partido Popular, como o de Cambados están en contra da lei de acuicultura que é necesario retirar para dar paso á etiquetaxe ecolóxica.

Seguidamente o Pleno por Sete votos a favor (4 do grupos PSdG- PSOE, 2 BNG e 1 Convergencia Galega) e Catro abstencións do grupo Popular acorda darlle a súa aprobación en todo o seu contido.

8º.- Resolucións ditadas pola Alcaldía para coñecemento.-

Dase conta das seguintes :

- Altas, Baixas e Cambios de domicilio dentro do Padrón Municipal de Habitantes.

- Aprobación do Plan de Seguridade e saúde formulado por Construcciones y Obras Andújar da obra denominada “REFORMA SANEAMIENTO RUA ALCALDE FERNANDEZ- FISTERRA”.

- Solicitude a Axencia de Turismo de Galicia dunha subvención polo importe de Cinco mil douscentos euros (5.200,00 €) para financiar persoal con destino ás Oficinas de Turismo durante o período entre o día 15 de xuño ata o 15 de setembro de 2016.
- Inscripción no Rexistro Municipal de animais potencialmente perigosos raza AMERICAN STAFFORDSHIRE a nome de Albano Agulleiro Traba.
- Contratación con carácter eventual a Violeta Traba Castreje durante o período comprendido entre o día 2 de febreiro ata o momento da alta da traballadora Amanda Estévez Fernández como “Asistente Domiciliaria”.
- Aprobación do anteproxecto da obra denominada: “Ampliación e Mellora de Camiños Municipais: Calcoba, A Insua e San Martiño de Abaixo cun presuposto de execución de corenta mil euros (40.000,00 €).
- Solicitar de Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, unha subvención por importe de vinte e seis mil catrocentos corenta e seis euros con vinte e oito céntimos (26.446,28 €).
- Concesión de permiso a Montserrat Outes Velay os días 28 e 29 de xaneiro de 2016 por asuntos particulares con cargo ao ano 2015.
- Concesión de permiso por asuntos particulares os días 27 e 28 de xaneiro de 2016 con cargo ao ano 2015 a Carmen M^a Ballón Estévez.
- Concesión de permiso por asuntos particulares os días 28 e 29 de xaneiro de 2016 con cargo ao ano 2015 a María José Traba Traba.
- Concesión de permiso por asuntos particulares os días 5, 8 e 9 de febreiro de 2016 por asuntos particulares.
- Autorización a Eva María Senlle Buiturón para os vindeiros 22 e 23 de marzo de 2016 para celebración de bailes e verbenas populares gratuítos na localidade de Denle en honra a San Vicente de Duio.
- Autorización a Eva María Senlle Buiturón para tirar bombas de palenque pola empresa PIROTECNIA HNOS LOPEZ S.L os días 22 e 23 de xaneiro de 2016 na localidade de Denle en honra a San Vicente.
- Autorización a Ismael Montero Lago para que poida proceder ao cambio de material de taxi que ven desempeñando por outro novo coas seguintes características: Marca FORD S- MAX e Matrícula 6528 HGL.
- Contratación con carácter eventual durante o período comprendido entre o día 20 ao 29 de xaneiro de 2016 como asistente domiciliaria de M^a Dolores Otero Baldomar por substitución de M^a Lourdes Domínguez Lago.

- **Concesión de vacacións a M^a Lourdes Domínguez Lago durante o período comprendido entre o 20 ao 29 de xaneiro.**
- **Concesión de días por asuntos particulares a Juan Carlos Carril Pérez durante o período comprendido entre o 20 ao 29 de xaneiro de 2016.**
- **Concesión de permiso por asuntos particulares a Juan José Lago Estévez durante o período comprendido entre o 21 ao 29 de xaneiro de 2016.**
- **Aprobación do plan de seguridade e saúde formulado por Construcciones D. Ogando, S.L. da obra denominada Mellora de Saneamento e Iluminación Pública Rúa Mixirica incluída no Plan de Aforro e Inversión (PAI 2015).**
- **Resolución de inicio de procedementos sancionadores de tráfico por importe total de 2.800,00 €.**
- **Adxudicación de contrato menor a favor de GESTION DE RESIDUOS VIMIANZO S.L polo importe de dezasete mil oitocentos (17.800,00 €) para prestación de servizo de limpeza durante o período comprendido entre o día 14 de xaneiro ao 31 de marzo de 2016 ambos inclusivos.**
- **Resolución de inicio de procedementos sancionadores de tráfico por importe total de 200,00 €.**
- **Concesión de permiso por asuntos particulares a Sandra M^a Sixto Canosa os días 5, 13, 26 e 27 de xaneiro de 2016 con cargo ao ano 2015.**
- **Concesión de permiso por asuntos particulares a M^a Dolores Martínez Pérez os días 14 e 20 de xaneiro de 2016 con cargo ao ano 2015.**
- **Concesión de permiso por asuntos particulares a Amable Canosa Martínez durante os días comprendidos entre o 11 e o 18 de xaneiro, a tarde do día 7 así como o día 21 en compensación por traballar o día 31/12/2015.**
- **Concesión de permiso por asuntos particulares a favor de M^a Filomena Domínguez Velay os días 11, 12, 13 e 14 de xaneiro de 2016 con cargo ao ano 2015.**
- **Concesión de permiso por asuntos particulares os días 7 e 8 de xaneiro de 2016 a favor de María Loreto Marcote Lago con cargo ao ano 2015.**
- **Concesión de permiso por vacacións, asuntos propios e días de compensación en favor de Manuel Lagoa López durante o período comprendido entre o 4/01 ata o 31/01/2016.**

- Contratación con carácter eventual de M^a Arenas Rivera López ante a substitución de M^a Buensuceso Lago González durante o período comprendido entre o 8 de xaneiro ata a alta da traballadora.
- Solicitud de da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia unha subvención por importe de trinta e dous mil catrocentos catro euros con corenta céntimos (32.404,40 €).
- Aprobación do Anteproxecto da obra denominada “Actuacións de preservacións da vexetación da ribeira e das comunidades de matogueira climáticas da zona de Cabanas e do Cemiterio (Monte do Cabo) e solicitar da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza unha axuda económica por importe de dezanove mil trescentos euros (19.360,00 €) equivalente ao 80% do presuposto total (24.200,00 €).

O Pleno dáse por enteirado

9º.- Rogos e Preguntas.-

Sr. García Pouso do grupo Convergencia Galega

- En relación coa igrexa Nosa Sra das Areas, recibiu Sr. Alcalde as obras da igrexa con alguén de patrimonio?

Sr. Alcalde

Non tiven reunión nin recepcionei nada, fun por cortesía.-

- Que pretende facer agora o Concello? Ten algo previsto desde que se iniciou a polémica con respecto ao pintado da mesma.

Sr. Alcalde

1. Facer que os responsables das obras viñeran aquí a dar unha explicación de porque as obras se fixeron así.
2. Desde o Concello entendemos que era necesario buscar outra opinión técnica para que nos dixera algo sobre o tema e solicitamos outro informe sobre o asunto.
3. Vistos os informes técnicos, entendendo que non debemos enxuizalos, enviouse o novo informe a Patrimonio para que se tivera en consideración na medida que o estime pertinente e tammén ao obispado como propietario do templo coa finalidade de que viran as distintas opinións, non só a técnica senón a estética.

En dito informe dicíase que tecnicamente non faría falta pintala senón como protección; pintar o que é pintar é arbitrario, dicir que o que fixo o informe solicitado, non o faría.-

Sendo ás 20 h 2 minutos do día en curso, auséntase do Pleno a Concelleira do Partido Popular, M^a del Rocío Marcote Canosa por razóns de traballo.-

Non podemos poñernos nunha decisión sobre se nos gusta ou non o que se fixo; o Concello non debe entrar neste tipo de consideracións.-

Estamos esperando contestación de Patrimonio e se non o fixeran, pediremos as oportunas explicacións, mais sería meternos en asuntos que non nos competen.

Intervén o Sr. Traba Fernández do grupo popular manifestando que deberíase adoptar un acordo ao respecto, porque hai unha maioría popular que non quere a solución dada á Igrexa.

- Existe algún plan de xestión e planificación turística?

Sr. Alcalde

Prevese unha reunión co sector turístico de Fisterra e dígolle que si, temos unha planificación turística.

Non a podemos facer unilateralmente e consideramos que debemos respectar a idea que teñen e escoitalos para poder levar a cabo unha conclusión; ademais queremos que o sector turístico se una e sirva de interlocutor desenvolvendo así a planificación turística e seguir traballando.

Realizarase un estudo de xestión de residuos para conseguir unha mellor imaxe turística, creando unha oficina municipal turística e para elo estamos intentando conseguir de Portos de Galicia un local na Lonxa de peixe que é propiedade deste Ente Público pero de principio nos puxeron o tema moi negro; por isto temos un modelo de convenio para presentarllo ante dito Organismo Oficial.-

Pedimos tamén, unha subvención á Excma Deputación Provincial para unha caseta para Información Turística.-

Como está o tema do semáforo e o informe da Xunta Consultiva?

Sr. Alcalde

Levan dicindo os da Xunta que tiveron problemas e que levaban tempo sen reunirse e que en decembro ían ter unha xuntanza.

Chamáronnos por teléfono e dixéronnos que non había reunión, finais de xaneiro (nada), a semana pasada tiveron a reunión e o noso informe non o levaron, o próximo 18/02/2016 din que si.

Como está a xestión para a actuación da construción do contradique?

Sr. Alcalde

Para o contradique damos a solución de realizalo “ flotante ”; dixeron que para o ano 2016 tiñan previsto un investimento de 200.000 € pero non me dixeron exactamente que ían facer.

Sr. Sar Oliveira do grupo BNG

O que eu vexo é que vannos comer metade do porto.

Como está o tema do Centro de Saúde?

Sr. Alcalde

Estamos esperando a aprobar o Plan Xeral para determinar o seu emprazamento.

Sr. Traba Fernández do Grupo Popular

1. Na acta da sesión anterior que acabamos de aprobar, nas correccións correspondentes á acta do 2 de outubro de 2015, hai xa catro meses, o Sr. Concelleiro de mobilidade reiterou que as probas de peonalización da Rúa Real xa remataron, ademais na páxina web do Concello xa está ben explicado de cómo e cándo vai estar a rúa pechada.

É certo que desde o Concello de Fisterra se notificou aos locais comerciais da rúa Real dunha nova proba desde esta fin de semana ata a Semana Santa ?
A quen lle mentiu entón ao Pleno ou aos veciños ?

Sr. Sar Oliveira do grupo BNG

Non se mentiu a ninguén, de todas maneiras durante a celebración do entroido e á vista das comparsas que actuaron, fixéronnos pensar máis sobre o tema.

2. Acaban de saír publicadas no BOP as bases para a contratación dun arquitecto municipal polo procedemento negociado sen publicidade. A tal fin habilitanse 45.000 €, cando o actual cústalle aos Concello 28.536 € anuais, uns 16.400 € menos. Isto dá lugar a unha serie de preguntas:

A. Que motivos hai para cambiar de arquitecto que tiña 16.5 horas a semana por outro que terá 19 horas (2 horas e media máis) cun incremento de 16.400 € ?

Sr. Alcalde

Trátase de conseguir un horario mais amplo do actual coa finalidade de conseguir unha mellor atención ao público e poder traballar nos proxectos que poida plantexarse con este novo goberno municipal.

Ademais fíxose un estudo para conseguir e obter un prezo máis correcto.-

Indica o Sr Traba fernández do grupo popular que nos pregos de cláusulas administrativas e técnicas non figgura a redacción de proxectos que vaia encargar a Corporación Municipal.

Sr. Alcalde

O Sr. Alcalde contesta que sí, están nos pregos en cuestión .

B.- Un dos arquitectos é Vicente Rivas Negreira, que fora candidato na lista do BNG dun concello da bisbarra?

Sr. Alcalde

Trátase dun dos arquitectos que se invitan ao procedemento negociado sen publicidade.

3.- O cambio de concurso do Entroido no pavillón polideportivo do martes para o sábado é unha proba ou xa queda definitivo?

Sr. Alcalde

Non, dependerá da xente que o propoña.

4.- Vaise facer algunha modificación no mercado municipal e no mercado de postos ?

Sr. Sar Oliveira do grupo BNG

Si, algo pensado hai sobre o mercado, relatico os postos de venda ambulantes non.-

5.- ¿ Cal foi o motivo de que non se puxera iluminación pública de nadal nas rúas de Fisterra, agás na rúa Real e Santa Catalina, nin na zona rural ?

Sr. Alcalde

Cuestións de tipo presupostario e algun erro que se cometiu á hora da súa instalación; quedaran subsanados para o ano que vén.-

Intervén a **Sra Teresa Fernández Martínez do BNG**, manifestando que os arcos de luces non estaban homologados, queremos ante todo ter garantías para cando sexan colocadas co motivo da celebración das festas; por iso se puxo un na Anchoa que pola climatoloxía se estropeou; ademais os arcos están en moi mal estado polo que imos procurar na medida que sexa posible ir encargando material homologado e ir sobre seguro.

Queremos tamén evitar o pagamento do aluguer de xeradores para as festas que veñen supoñendo un custe por festa de 400 e 500 €.

Sr. Traba Fernández do Partido Popular

Desexaría saber quen é o técnico que dixo que os arcos non estaban homologados para pedir responsabilidades.

E non tendo máis asuntos de que tratar o **Alcalde-Presidente remata a sesión, ás 20:55 horas do día de hoxe, de todo o que como secretario, dou fe.**